

CONVOCATORIA CURSO ÁRBITRO VÓLEI PRAIA NIVEL I

A Federación Galega de Voleibol, a través do Comité Técnico Galego de Árbitros, convoca o curso de Árbitro de Vólei praia Nivel I.

Dentro do programa formativo do C.T.G.A. e da propia Federación convocase o curso de iniciación a arbitrase. Dentro das funcións atribuídas o Comité, propónse a Xunta Directiva de esta Federación e o Sr. Presidente a celebración de este curso para aumentar o membros do estamento e poder así cumprir coas obrigas do Comité en canto a nomeamento en todos os encontros e a propias necesidades das Competicións Autonómicas.

PLAN DE ESTUDOS

As materias que se impartirán durante o curso son as seguintes:

- Regulamento Comentado
- Técnica arbitral
- Técnica de anotación e acta electrónica
- Táctica aplicada a arbitrase
- Metodoloxía na arbitrase
- Normativa autonómica e nacional

O total de horas do curso é de 20 horas, repartidas en 2 días de clases teóricas prácticas.

DATAS E HORARIOS DE CELEBRACIÓN

As datas de celebración son os días 5 e 6 de xuño (2 días).

Os horarios serán:

- Sábado 5 de xuño: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas (9 horas)
- Domingo 6 de xuño: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas (8 horas)

FORMATO DO CURSO

O curso terá formato mixto, cunha parte a distancia para a teoría e outra presencial para as prácticas, polo que os participantes terán que ter obrigatoriamente un enderezo electrónico e dispor de un ordenador ou ferramenta similar dotado de conexión a internet, micrófono e altosfalantes / auriculares e cámara de vídeo. A ferramenta utilizada será Zoom, de balde en todas as plataformas.

Os participantes deberán estar conectados durante a duración das clases, coa cámara activada e deberán responder as peticións que o profesorado lle poda dirixir.

A parte presencial será para as prácticas e a sede será coordinada co alumnado nos partidos dos torneos que a Federación ten no seu calendario.

PROFESORADO DO CURSO

O Curso será impartido por árbitros Nivel III con experiencia na competición de carácter nacional e autonómico.

CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DO APTO

Para poder obter a cualificación de apto e así ter o curso pasado, é preciso cumprir os seguintes criterios:

- Ter asistido o 100% das clases.
- Presentar os traballos que soliciten o profesorado.
- Ter superado o total das materias impartidas.
- Realizar encontros de práctica, amigables ou de competición oficial, nas condicións que o Regulamento do C.T.G.A. establece.

INSCRICIÓN NO CURSO

As persoas interesadas en participar no curso deben ser maiores de 16 anos ou cumprilos durante o 2026.

Para formalizar a inscrición, débese cubrir o formulario de inscrición cumprimentando os campos solicitados antes do día 4 de xuño as 13:00 horas.

O custe do curso é de 75,00€ por asistente. O ingreso farase na conta da Federación Galega de Voleibol:

Banco de Sabadell
ES71 0081 0499 6400 0137 8440

No formulario deberase axuntar o xustificante de ingreso.

CANCELACIÓN DO CURSO

A Federación Galega de Voleibol reservase o dereito a suspender o curso, por falta de participación ou calquera outra circunstancia que poida impedir a súa correcta organización. En tal caso, informarase do feito os inscritos e faranse os abonos das cotas xa abonadas, sen que proceda calquera outra indemnización.